

DECRETO

Excmo. Sr. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 7/2026 PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA CONTRATACIÓN DO DISEÑO, PRODUCCIÓN, SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DE ELEMENTOS MUSEOGRÁFICOS E MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A ACTUACIÓN A ENOGASTRONOMÍA QUE NON DEBEMOS PERDER.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 7/2026, por un importe total de **86.475,99 €** dentro do vixente orzamento do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da contratación do deseño, produción, subministración, instalación e posta en marcha de elementos museográficos e medios tecnolóxicos para a actuación A ENOGASTRONOMÍA QUE NON DEBEMOS PERDER, dentro do proxecto Plan de Sostenibilidade Turística en Destino do Concello de Lugo "PSTD: ... ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA", financiado a través do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo – PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU (C.P. 23MRRXX43201).

Visto o informe do Servizo de Desenvolvemento Local, asinado pola súa xefa, María Isabel Villamar Cabado, o 09.03.2026, coa conformidade do responsable da área xestora, Mauricio Vitorio Repetto Morbán, no que se comunica a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Xeral Municipal prorrogado para o exercicio 2026 para dar cobertura ao mencionado gasto, así como a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito, sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria.

Vista a proposta do Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez, do día 11.03.2026, de solicitude da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, polo importe de 86.475,99 €, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da contratación do deseño, produción, subministración, instalación e posta en marcha de elementos museográficos e medios tecnolóxicos para a actuación A ENOGASTRONOMÍA QUE NON DEBEMOS PERDER, dentro do proxecto Plan de Sostenibilidade Turística en Destino do Concello de Lugo "PSTD: ... ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA", financiado a través do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo – PLAN DE

INTERVENCIÓN

LVP/arm

Refª: ispac3528201145056189485.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 7/2026 ET EDENDO LUCUS

RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU (C.P. 23MRRXX43201).

Visto igualmente o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2026/358, do 11.03.2026, así como o RCMOD Ref.: 10730/2026, por importe de 86.475,99 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 86.475,99 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
43200.22699	86.475,99 €	43200.60900	23MRRXX43201	86.475,99 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	86.475,99 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		86.475,99 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.